

**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**  
**SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL**

**Convenios colectivos**

*ACORDO DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DO METAL*

*Código de Convenio número 36000365011981*

Visto o Acordo da Comisión Paritaria do convenio colectivo do sector Comercio do metal da provincia de Pontevedra, referente ás interpretacións xurídicas dos incrementos salariais pactados no convenio, subscrito en representación da parte económica, por unha representación das Asociacións Provinciais ACE e ATRA, e da parte social polas centrais sindicais CC.OO , UGT e CIG, en data 13 de marzo do 2019.

*Primeiro.*—Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 14 de marzo do 2019.

*Segundo.*—Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.*—Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

*Segundo.*—Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

*Terceiro.*—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

*RESOLVE:*

*Primeiro.*—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

*Segundo.*—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Terceiro.*—Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 04/04/2019.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

Luns, 29 de abril de 2019

Núm. 81

**CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR COMERCIO METAL  
DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

*COMISION PARITARIA 2019*

*ASISTENTES:*

*Representación social:*

**CC.OO.:**

D. Jorge Carneiro Penedo

DNI: 36064065 L

**UGT:**

D<sup>a</sup> Eva M<sup>a</sup> Rojas Fiestras

DNI: 36141298 H

**CIG:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Tránsito Fernández Fernández

DNI: 35299919 W

Representación empresarial:

D. Félix Rodríguez Regueiro

DNI: 76858195-S (ACE)

D. Fernando Lopez Núñez

DNI: 44087931 J (ATRA)

... En Vigo, nos locais da Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra, sendo as 10:00 horas do día 13 de marzo de 2019, reúnese a mesa da comisión paritaria do Convenio Colectivo do sector de comercio de metal da provincia de Pontevedra.

Dada as incorrectas interpretacións xurdidas en canto ós incrementos salariais pactados no Convenio, do abono de atrasos e aplicación da conxelación da antigüidade as partes acordan por unanimidade as seguintes aclaracións:

1.—O abono dos atrasos devengados do ano 2017 serán a diferenza entre a táboa salarial do ano 2017 e a táboa do ano 2016.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 8GJTFPXMDF92WXX



Do mesmo xeito, os atrasos devengados do ano 2018, serán a diferenza entre a táboa de 2018 e a táboa do 2017.

As táboas de aplicación son as publicadas no BOPPO do 17 de decembro de 2018.

2.—Estes atrasos que se deben aboar son únicamente os correspondentes das táboas salariais de 2017 e 2018 publicadas, nas cales xa se teñen contempladas todas as percepcións económicas pactadas no Capítulo V de este convenio.

3.—En relación ás discrepancias plantexadas ás partes asinantes do convenio respecto ó sinalado polo artigo 18 a), aclárase que a consolidación dos cuatrienios é a partir da data de publicación do convenio (o 17 de decembro de 2018).

Ao respecto do apartado c) do mesmo artigo, aclárase que todas aquelas persoas que a data da publicación do convenio teñan un período inferior a 4 anos devengado e non cobrado teñen dereito ao cobro da parte proporcional correspondente, conforme o establecido no segundo parágrafo do apartado a) do artigo 18.

4.—Por último sinalar que, tal e como expresa o art. 15 de este Convenio Colectivo, non se poderán compensar ou absorber aquelas melloras que voluntariamente tivesen establecidas as empresas, mantendo o traballador/a o dereito de abono dos atrasos no alcance descrito.

— Autorízase a persoa habilitada do Consello galego de Relacións laborais, para a inscrición deste convenio na Plataforma Regcom, así como en todos os rexistros correspondentes e para a súa publicación no BOPPO

E non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión sendo as once horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe.

